<ul style="list-style-type: none"> <li>- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.</li> <li>- Tempo histórico: construción e interpretación de liñas do tempo a través da linealidade, cronoloxía, simultaneidade e duración.</li> <li>- A organización política do ser humano e as formulacións estatais no mundo medieval e moderno. Evolución da teoría do poder.</li> <li>- A construción das identidades culturais, da idea de Europa e do eurocentrismo, a través do pensamento e da arte durante a Idade Media e a Idade Moderna. Relacións coa civilización islámica.</li> <li>- O papel da relixión na organización social, a lexitimización do poder e a formación de identidades. Herexías, persecucións e guerras de relixión.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- Significado e función das expresións artísticas e culturais nas distintas civilizacións. O barroco galego. Diversidade e riqueza cultural. Respecto e conservación do patrimonio material e inmaterial.</li> <li>- Ciencia, medicina e avances tecnolóxicos. A loita contra epidemias e pandemias. Racionalismo e empirismo na explicación da realidade fronte ás supersticións.</li> </ul>

### Contidos

- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.

UD	Título da UD	Duración
10	Os desafíos demográficos	9

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Analiza as causas das vagas migratorias actuais.	PE	70
CA1.6 - Coñecer e interpretar os comportamentos demográficos da poboación, os cambios que experimentou e os seus ciclos, identificando e analizando os principais problemas e retos aos que nos enfrontamos no mundo e en España e Galicia.	Diferencia os distintos modelos demográficos e os movementos naturais da poboación mundial mediante a análise de pirámides de poboación.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Entende o impacto da emigración e inmigración na sociedade actual.		
CA1.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Comprende as causas principais que explican o avellentamento da poboación actual en España e Galicia.	TI	30
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Entende a evolución dos movementos migratorios mundiais dende o século XIX ata a actualidade.		
CA2.5 - Recoñecer as desigualdades sociais existentes en épocas pasadas e os mecanismos de dominación e control que se aplicaron, identificando aqueles grupos que se viron sometidos e silenciados, destacando a presenza de mulleres e de personaxes pertencentes a outros colectivos discriminados.	Recoñece o papel da muller nos ciclos demográficos		
CA3.2 - Adquirir e construír coñecemento relevante do mundo actual e da historia, a través de procesos indutivos, da investigación e do traballo por proxectos, retos ou problemas, mediante a elaboración de produtos que reflectan a comprensión dos fenómenos e problemas abordados.	A través de fontes orais, comprende o impacto das migracións na súa contorna próxima.		

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA3.5 - Valorar a diversidade social e cultural, argumentando e intervindo en favor da inclusión, así como rexeitando e actuando en contra de calquera actitude ou comportamento discriminatorio baseado en estereotipos.	Valora a importancia da diversidade social e cultural froito dos movementos migratorios.		
CA3.7 - Tomar conciencia do ciclo vital e analizar como cambiaron as súas características, necesidades e obrigacións en distintos momentos históricos, así como as raíces da distribución por motivos de xénero do traballo doméstico, asumindo as responsabilidades e compromisos propios da idade no ámbito familiar, na contorna escolar e na comunidade, e valorando a riqueza que achegan as relacións interxeracionais.	Comprende a relación entre as melloras sociais e os cambios nos movementos naturais da poboación.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Desafíos demográficos no mundo actual. Causalidade e comparación no estudo da diversidade social e cultural e das estruturas demográficas en distintas escalas: da global á local. Dinámica demográfica de Galicia.</li> <li>- Competencia e conflito polos recursos e o territorio. Mercados rexionais, políticas comerciais e movementos migratorios. Tensións internacionais, choques e alianzas entre civilizacións.</li> <li>- A transformación humana do territorio e a distribución desigual dos recursos e do traballo. Evolución dos sistemas económicos, dos ciclos demográficos, dos modos de vida e dos modelos de organización social. A loita pola supervivencia e o status social du</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
11	Un mundo de cidades	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza as causas do despoboamento rural en España e Galicia a través de mapas xeográficos.	PE	70

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Identifica o proceso de urbanización e os cambios ocorridos nas cidades ao longo da Historia.		
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Comprende os principais problemas ambientais e sociais propios do mundo urbano e rural.	TI	30
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Debate sobre problemas actuais das cidades como a xentrificación, planificación urbana ou as megalópolis.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
<ul style="list-style-type: none"> <li>- Aglomeracións urbanas e ruralidade. O despoboamento e o sostemento do mundo rural. O desenvolvemento urbano sustentable: a cidade, o espazo de convivencia. Modos e estilos de vida no contexto da globalización.</li> <li>- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.</li> <li>- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.</li> <li>- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.</li> <li>- Interese ante os retos e problemas de actualidade na contorna local e global.</li> <li>- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.</li> <li>- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.</li> <li>- Ciclos vitais, uso do tempo libre e hábitos de consumo. Diferenzas e cambios nas formas de vida nas sociedades actuais e nas do pasado.</li> </ul>

<b>UD</b>	<b>Título da UD</b>	<b>Duración</b>
12	Desigualdade e cooperación	9

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

<b>Criterios de avaliación</b>	<b>Mínimos de consecución</b>	<b>IA</b>	<b>%</b>
CA1.3 - Valorar o grao de sustentabilidade e de equilibrio dos diferentes espazos e desde distintas escalas e analizar a súa transformación e degradación a través do tempo pola acción humana na explotación dos recursos, a súa relación coa evolución da poboación e as estratexias desenvoltas para o seu control e dominio e os conflitos que provocou.	Comprende as consecuencias que a contaminación do medio natural ten sobre a poboación do Terceiro Mundo.	PE	70
CA1.4 - Argumentar a necesidade de accións de defensa, protección, conservación e mellora da contorna natural, rural e urbana a través de propostas e iniciativas que reflectan compromisos e condutas en favor da sustentabilidade e da repartición xusta e solidaria dos recursos.	Indica algunha medida a realizar para mellorar a sociedade dende o punto de vista social ou ambiental.		
CA3.8 - Contribuír á consecución dun mundo máis seguro, xusto, solidario e sustentable, a través da análise dos principais conflitos do presente e o recoñecemento das institucións do Estado, e das asociacións civís que garanten a seguridade integral e a convivencia social, así como dos compromisos internacionais do noso país en favor da paz, a seguridade, a cooperación, a sustentabilidade, os valores democráticos e os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable.	Valora o papel das Nacións Unidas e das institucións estatais e europeas na construción dun marco pacífico caracterizado polos valores democráticos.		
CA1.2 - Argumentar de forma crítica sobre problemas de actualidade a través de coñecementos xeográficos e históricos, contrastando e valorando fontes diversas.	Analiza e compara novas de prensa sobre problemas actuais.	TI	30
CA1.7 - Interpretar desde a perspectiva do desenvolvemento sustentable e da cidadanía global os principais desafíos do mundo actual, expresando a importancia de implicarse na procura de solucións e no modo de concretalos desde a súa capacidade de acción tanto local como global, valorando a contribución do Estado, as súas institucións e as asociacións civís en programas e misións dirixidos por organismos nacionais e internacionais para o logro da paz, a seguridade integral, a convivencia social e a cooperación entre os pobos.	Entende o papel da ONU e das ONGs no mantemento da paz, a convivencia e a cooperación internacional.		
CA3.1 - Identificar, valorar e mostrar interese polos principais problemas que lle afectan á sociedade, adoptando unha posición crítica e proactiva cara a eles.	Realiza unha análise crítica de teorías acientíficas vixentes na sociedade actual.		
CA3.4 - Mostrar actitudes pacíficas e respectuosas e asumir as normas como marco necesario para a convivencia, demostrando capacidade crítica e identificando e respondendo de maneira asertiva ante as situacións de inxustiza e desigualdade.	Adopta unha postura crítica fronte discursos belicistas, xenófobos e discriminatorios.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

<b>Contidos</b>
- Concentración e distribución da riqueza. Formas e modos de percibir e representar a desigualdade. Liñas de acción para unha repartición xusta. A cuestión do mínimo vital.

## Contidos

- Igualdade. Situacións discriminatorias das nenas e das mulleres no mundo. Roles de xénero e a súa manifestación en todos os ámbitos da sociedade e da cultura.
- A contribución do Estado e as súas institucións á paz, á seguridade integral, cidadá e á convivencia social.
- Dignidade humana e dereitos universais. Convención sobre os Dereitos do Neno.
- Alteridade: respecto e aceptación «do outro». Comportamentos non discriminatorios e contrarios a calquera actitude diferenciadora e segregadora.
- Igualdade de xénero. Manifestacións e condutas non sexistas.
- As redes sociais. Seguridade e prevención ante os riscos e perigos do uso das tecnoloxías da información e da comunicación.
- Convivencia cívica e cultura democrática. Incorporación e implicación na sociedade civil en procesos democráticos. Participación en proxectos comunitarios.
- Solidariedade, empatía e accións de apoio a colectivos en situacións de pobreza, vulnerabilidade e exclusión social.
- Identificación e xestión das emocións e a súa repercusión en comportamentos individuais e colectivos.
- Cidadanía europea. Ideas e actitudes no proxecto de construción dunha identidade común. A seguridade e a cooperación internacional.

### 4.1. Concrecións metodolóxicas

A liña de actuación metodolóxica deste novo curso mantén o compromiso de afondar na implementación das novas tecnoloxías ao utilizar a plataforma Edixgal. Como consecuencia, as TIC seguen a ser o recurso didáctico de referencia ao achegarnos un amplo abano de posibilidades que abrangue dende un repositorio continuo de recursos ata un espazo de aprendizaxe de formación en rede. A maiores, no departamento queremos dar continuidade a outras estratexias metodolóxicas que nos parecen esenciais na adquisición das competencias básicas como: a lectura comprensiva e crítica, a análise de fontes xeográficas e históricas e a potenciación de proxectos educativos. Isto permitiranos levar a cabo un enfoque metodolóxico eminentemente práctico e comprensible co obxectivo de aprender facendo. Ademais, entedemos que o alumnado debe de adquirir un coñecemento dos fenómenos xeográficos e históricos nun sentido amplo permitindo relacionalos entre si e detectar as repercusións que estes tiveron no seu momento e aínda teñen no presente para dotar aos contidos de funcionalidade, interese e utilidade para o alumnado e ir propiciando a súa participación e compromiso coa contorna e a comunidade.

Por suposto, establecerase unha diversificación da aprendizaxe, así como a aplicación de criterios de flexibilidade que permitan poñer en acción propostas e iniciativas educativas que favorezan a inclusión. En relación a isto, o profesorado fará uso de distintos métodos que teñan en conta os diferentes ritmos de aprendizaxe do alumnado e que favorezan a capacidade de aprender por si mesmos, o que vai permitir reforzar a autonomía, a reflexión e a responsabilidade. Así mesmo, empregaranse estratexias para traballar transversalmente á comprensión lectora, a expresión oral e escrita, a comunicación audiovisual, a competencia dixital, o fomento da creatividade, do espírito científico e do emprendemento.

En definitiva, a concreción metodolóxica está pensada para que o alumnado adquira todo o protagonismo no proceso de aprendizaxe a partir dos coñecementos previos e da análise da propia realidade presentando un carácter interdisciplinar e tendo como punto de partida as propias capacidades, habilidades e intereses.

### 4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Plataforma Edixgal.

Apuntamentos e material complementario aportado polo/a docente.
Caderno de traballo.
Recursos TICS (Kahoot, Socrative...)
Material audiovisual.
Mapas xeográficos e históricos.
Biblioteca do centro
Prensa

O libro de texto da plataforma Edixgal é un importante apoio para o profesorado e para o alumnado ao aglutinar todas as unidades que se van traballar ao longo do curso, ofrecer diversas e numerosas actividades a desenvolver e permitir un repositorio de contidos abundante. Así mesmo, utilizaranse outros recursos TICS complementarios como: Google Maps, Kahoot, Socrative... que permitirán afianzar a práctica educativa diaria. Ademais, o caderno do alumno/a convírtese nun recurso fundamental ao entenderse como un complemento do libro de texto no que facer actividades, tomar pequenos apuntamentos de xeito ordeado e con boa presentación... O/A docente tamén poderán proporcionar material complementario ao alumnado como fichas para o cotexo de datos demográficos, urbanísticos ou doutra natureza; mapas, noticias de prensa, imaxes... Por último, indicar que no departamento consideramos a lectura como un pilar básico para a adquisición do coñecemento porén adicárase un tempo en cada sesión a lectura comprensiva en voz alta dos contidos de cada unidade e, cando sexa posible, incentivarase a lectura total ou parcial de libros da biblioteca que teñan similitude cos contidos abordados en cada unidade.

## 5.1. Procedemento para a avaliación inicial

Ao comezo do curso realizarase unha proba diagnóstica inicial, tendo en conta os informes do curso pasado, co fin de detectar o nivel de competencia e a capacidade dos/das alumnos e alumnas e valorar as diferenzas académicas para poder establecer as medidas oportunas. Dita avaliación inicial consistirá en actividades orais e escritas con preguntas de diferente natureza como: análise de imaxes, lectura dun pequeno texto con preguntas guiadas, calcular séculos, ordenar periodos ou datas... Así mesmo, realizarase unha avaliación inicial ao comezo de cada unidade didáctica coa finalidade de saber os coñecementos previos que ten o alumnado sobre o tema que se vai abordar e para, a partir deles, seguir construíndo a aprendizaxe. Dita proba inicial axustarase a cada unidade, pero en liñas xerais, basearase nunha tormenta de ideas a partir dunha imaxe, unha lectura ou a visualización dun vídeo curto.

Por último, indicar que a avaliación inicial permitiranos comprobar tamén a predisposición do alumnado cara o tema que se vai a traballar permitindo concretar os contidos que lles suscitan maior interese ou que se descoñecen totalmente e servirá para detectar as confusións e as incorreccións que se teñan para poder subsanalas dun xeito máis eficaz. Estas probas iniciais nunca serán valoradas numericamente, xa que, non entran no cómputo de cálculo da cualificación do alumnado e teñen como único obxectivo dar a información precisa para realizar os axustes necesarios na práctica docente para que ésta sexa máis efectiva e exitosa.

## 5.2. Criterios de cualificación e recuperación

### Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8	UD 9	UD 10
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>6</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>8</b>	<b>10</b>	<b>8</b>	<b>8</b>	<b>10</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	70	70	70	70	70	70	70	70
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	30	30	30	30	30	30	30	30

Unidade didáctica	UD 11	UD 12	Total
<b>Peso UD/ Tipo Ins.</b>	<b>9</b>	<b>7</b>	<b>100</b>
<b>Proba escrita</b>	70	70	<b>70</b>
<b>Táboa de indicadores</b>	30	30	<b>30</b>

#### **Criterios de cualificación:**

Os criterios de cualificación baséanse nos seguintes indicadores:

A. Probas escritas (en papel/online) un 70% da nota. Realizaranse como mínimo dúas por avaliación. Estas consistirán na resolución de cuestións de formato variado como: preguntas curtas ou de tipo test, definición de conceptos, comentario guiado de textos e imaxes, completar frases...

\*O feito de copiar ou de realizar calquer tipo de trampa nas probas escritas é considerado un feito de especial gravidade e punible coa retirada inmediata da proba ao alumno/a e a cualificación de 0 na mesma.

\*Invalidaranse as probas ilexibles. Igualmente, deberase de coidar a presentación das probas, a expresión e o uso de conceptos axustados á materia podendo, de ser o caso, descontar ata un punto da nota da proba no suposto de non cumprirse con estes requisitos.

B.O 30% restante obterase de:

\*O portfolio/realización de proxectos ..... 15%. (Entrega en tempo e forma)

Este ítem correxirase mediante rúbrica. Moi ben 1,5 puntos por unha presentación en tempo e forma de tódalas actividades prescritas cos enunciados e distribuídas por avaliacións. Todos os proxectos son entregados en tempo e forma e cumpren co esixido. Ben 1 punto por unha correcta presentación en tempo e forma da maior parte das actividades prescritas. A maioría dos proxectos son presentados en tempo e forma coa maioría das esixencias requeridas. Regular 0,5 puntos por unha presentación das actividades esixidas carente de limpeza e orde. Os proxectos non son presentados en tempo e teñen desorde sen cumprir coas esixencias estipuladas. Mal 0 puntos por non presentar as actividades requeridas ou a súa presentación é dunha calidade moi deficitaria.

\*O portfolio do alumno/a ou caderno de traballo é obrigado entregalo antes de finalizar cada unha das tres avaliacións na data indicada polo/a docente.

.Cuestións orais sobre contidos previamente traballados na aula ..... 5%

.O compromiso persoal coa materia e a participación activa e manifesta en diferentes formatos ..... 10%

Este ítem valorarase mediante rúbrica. Moi ben 1 punto por ser moi responsable, organizado/a e ter unha actitude proactiva, xa que, pide axuda se a precisa, colabora cos compañeiros/as e participa nas actividades integrando os coñecementos adquiridos sendo quen de realizar valoracións persoais críticas. Ben 0,75 puntos por ser responsable, organizado/a aínda que con certas eivas e mostrando certa tendencia á dispersión na aula. Colabora esporádicamente co resto dos compañeiros/as e pide axuda se a precisa. Demostra iniciativa persoal e participa en todas as actividades satisfactoriamente. Regular 0,25 puntos por traballar con escasa organización e mostrando unha actitude que tende a dispersión na realización do traballo diario e na dinámica dentro do grupo. Participa nas actividades de clase pero con frecuencia non as remata ou resólveas de xeito sintético. Mal 0 puntos porque o seu traballo é case nulo, ante as dificultades que se lle poidan presentar non pide axuda ao non interesarlle a materia e soe estar desconcentrado/a tendendo a centrarse en estímulos externos. Apenas participa nas actividades de clase e non demostra un coñecemento claro da materia.

\*O departamento considera oportuno flexibilizar as rúbricas cando se trate de alumnado con ACNEE e ACNEAE adaptando a baremación a cada caso particular.



- \*Considérase que unha avaliación está superada cando a cualificación sexa igual ou superior a 5.
- \*A cualificación final será o resultado da media aritmética das tres avaliacións parciais incluídas a/s recuperacións que se tivesen que realizar. Poderán optar ó redondeo cara arriba da súa nota os alumnos/as que cumpran con todos e cada un dos seguintes requisitos:
  - Decimais iguais ou superiores a 0,75.
  - Quen presentase en tempo e forma o seu portfolio/proxectos/actividades propostos ao longo do curso.
  - Cando se observase un compromiso persoal coa materia e unha participación activa e manifesta nesta.

### **Criterios de recuperación:**

Como norma xeral, non se realizarán recuperacións antes/despois de cada avaliación. Deberá de ir a recuperación quen teña suspensa unha ou máis avaliacións. De xeito excepcional, quedará eximido/a de presentarse a esta proba quen cumpra con todos e cada un dos seguintes requisitos:

- \*Quen teña unha única avaliación suspensa cunha cualificación de 4.
  - \*Quen presentase en tempo e forma o portfolio/caderno de traballo, proxectos ou actividades propostos ao longo do curso.
  - \*Cando se observase un compromiso persoal e real coa materia e unha participación activa e manifesta nesta.
- As recuperacións terán lugar nas dúas últimas semanas do curso, no mes de xuño. Porén, poderán efectuarse unha ou varias probas escritas antes da avaliación final organizada/s en bloques independentes de contidos correspondentes á/s avaliación/s pendente/s de superar. Ademais da/s proba/s escrita/s de recuperación poderán contemplarse todos os recursos que o/a docente estimen oportunos. A cualificación final será o resultado da media aritmética da/s avaliación/s parciais incluídas a/s recuperación/s. Poderán optar ó redondeo cara arriba da súa nota os/as que cumpran con todos e cada un dos seguintes requisitos:
- Decimais iguais ou superiores a 0,75.
  - Quen presentase en tempo e forma o portfolio/proxectos e actividades propostas ao longo do curso.
  - Cando se observase un compromiso persoal coa materia e unha participación activa e manifesta.

### **5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes**

O artigo 51 da Orde do 8 de setembro de 2021 establece un plan de reforzo para o alumnado de ESO que pase de curso con materias sen superar. Nel indícase que o alumnado debe de seguir un plan de reforzo en cada unha das materias non superadas destinado á súa recuperación e á súa superación. Porén, dito plan de reforzo elaborábase baixo as directrices do departamento didáctico e titorizábase polo/a docente responsable da materia adaptándose ás particularidades de cada alumno/a.

A metodoloxía a seguir terá un carácter eminentemente práctico que responda ao lema de "aprender facendo" por medio de actividades que permitan a adquisición das competencias básicas.

A posta en práctica deste plan de traballo basearase nos seguintes indicadores:

A. Dossieres de actividades que deben de ser realizados polo alumno/a en tempo e forma en cada avaliación. Estes dossieres de traballo serán accesibles para o alumnado a través das plataformas empregadas no centro (Edixgal) e en formato físico.

B. Probas para comprobar a adquisición das competencias básicas do/a alumno/a. Estas probas realizaranse polo/a docente responsable da materia no momento que este/a determine en cada avaliación e tamén pautará o seu número e o seu formato que, de ser o caso, poderá incorporar contidos de avaliacións anteriores co obxecto de recuperalos.

A avaliación da materia pendente rexirase polos ítems enumerados a continuación:

A. Entrega obrigada das actividades dos dossieres de traballo en tempo e forma ..... 40% da nota.

B. Realización de probas ..... 40% da nota.

C. "Feedback" continuo co/a docente responsable da materia, o traballo persoal aula/casa e a responsabilidade na entrega das actividades..... 20% da nota.

Observacións:

\*A entrega dos dossieres de traballo é de obrigado cumprimento para a superación da materia pendente. A demora continuada e non xustificada na entrega das actividades ou dossieres de traballo suporá a perda da porcentaxe da cualificación correspondente a este ítem.

\*O redondeo da nota realizarase a partir de 0,75.

\*A avaliación final será a media aritmética das avaliacións parciais.

## 6. Medidas de atención á diversidade

Vivimos nunha sociedade cada vez máis diversa e multicultural o que se traduce na presenza nos centros educativos dun alumnado cada vez máis heteroxéneo. O feito diferencial é unha característica propia da especie humana que condiciona todo o proceso educativo obrigando a educar na diversidade a partir dun currículo común que garanta a igualdade de oportunidades. Porén, o principio axiolóxico da lexislación actual defende o dereito da equidade e a integración a partir de medidas organizativas, curriculares e recursos que permitan desenvolverse en función das propias posibilidades. Así, aplicaranse as seguintes medidas en 2º de ESO:

\*Medidas ordinarias para atender ás dificultades de aprendizaxe levando a cabo un traballo de reforzo consistente en actividades e contidos graduados de menor a maior dificultade, a adecuación do tempo na realización das actividades e das probas de avaliación (poden realizarse en diferentes sesións), a adecuación do formato das probas, adecuación das rúbricas de avaliación ás distintas posibilidades individuais, valoración do esforzo e das posibilidades de cadaquén minimizando o fracaso, fomento da organización do traballo diario por medio do uso da axenda, a ubicación na aula preto da mesa do docente e propiciando a solidariedade entre os diferentes alumnos/as do grupo.

Os diferentes intereses e motivacións do alumnado atenderanse a partir dunha óptica global e integradora que pode supoñer tamén a realización de actividades de ampliación que requiran dun maior grado de esforzo e de atención.

\*Medidas extraordinarias que se aplicarán unha vez realizada a avaliación inicial e unha vez detectadas as eivas no proceso de aprendizaxe. Estas poden incluír a adecuación dos contidos prescriptivos do currículo ás posibilidades individuais, a adecuación na complexidade das actividades, a idoneidade dos tempos na realización das actividades diarias e nas probas de avaliación (poden realizarse en diferentes sesións), uso de materiais alternativos, fomento do uso da axenda para a organización do traballo diario, flexibilización na aplicación das rúbricas, ubicación na aula preto da mesa do/a docente, valoración do esforzo individual minimizando o fracaso e fomento da axuda e a solidariedade entre os alumnos/as do grupo.

### 7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.1 - Educación cívico-social								X
ET.2 - Educación ambiental								
ET.3 - Educación para a igualdade		X						
ET.4 - Emprendemento								
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita	X	X	X	X	X	X	X	X
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible								

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	UD 7	UD 8
ET.7 - Educación para a paz						X	X	X
ET.8 - Educación para o consumidor								

	UD 9	UD 10	UD 11	UD 12
ET.1 - Educación cívico-social				X
ET.2 - Educación ambiental		X	X	X
ET.3 - Educación para a igualdade		X		
ET.4 - Emprendemento			X	X
ET.5 - Comprensión lectora, oral e escrita				
ET.6 - Obxectivos do Desenvolvemento Sostible		X	X	X
ET.7 - Educación para a paz				
ET.8 - Educación para o consumidor		X	X	X

#### Observacións:

Serán traballados todos os elementos transversais cun especial peso no caso da comprensión lectora, oral e escrita pois o alumnado vai ter que ler con fluidez en diferentes formatos para poder comprender os contidos e ser quen de transmitir mediante a escritura opinións, comentarios xeográficos e históricos, críticas...O resto dos elementos transversais tamén serán abordados en maior ou menor medida en case todas as unidades. Así, o emprendemento considérase importante por canto se pretende que o alumnado realice propostas e promova unha actitude proactiva e participativa a través da búsqueda e cotexo da información. Importante tamén na materia de Xeografía e Historia é a Educación cívica - social que será un tema que pode retomarse en todas as unidades non só como tema a dar senón tamén como actitude do alumnado na aula de respecto, tolerancia no traballo, debates... Non menos importante son a Educación para a paz, a Educación para o consumidor e a Educación para a igualdade como retos para a creación dunha sociedade máis xusta e tolerante. Por último, a Educación ambiental e o Desenvolvemento Sostible poñeranse en práctica fomentando actitudes cotiás responsables que se traducen en coidar a propia aula, utilizar os contedores de reciclaxe do centro, apagar as luces ao saír ao recreo, fomentar o uso da bici para desprazarnos ao instituto...

## 7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visita de interese didáctico. Saída a Ferrol (Proxecto Terra)	Actividade complementaria programada para a terceira avaliación (mes de maio)			X

#### Observacións:

As actividades complementarias axudan a potenciar a motivación, a comprensión e a aprendizaxe do alumnado, así como, a saír da rutina. Ademais, permiten afondar nos contidos do currículo e comprobar a súa aplicación dun xeito real. A nivel persoal, facilitan a socialización do alumnado, desenvolven a súa creatividade, descubren as súas habilidades fóra do ámbito escolar e achégaos a outras realidades e espazos.

Establécense tres fases para a preparación e desenvolvemento destas actividades:

\*Unha primeira fase previa que consiste na preparación do alumnado. Nela aportáselles información ao alumnado e propónselles tarefas para desenvolver durante a actividade.

\*Unha segunda fase ou fase central consistente na actividade propiamente dita durante a cal o alumnado deberá coller datos e información.

\*Xa na aula unha terceira fase de feed-back para comprobar o resultado da experiencia.

### 8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
Demuestra coñecemento da materia
Avalía e xulga en función dos criterios da programación
Aplica criterios de avaliación coñecidos e claros
Valoración xeral da materia
Os obxectivos didácticos están ben formulados
A selección e temporalización dos contidos e actividades foi axustada
Os criterios de avaliación e cualificación foron claros
Os contidos e actividades relacionáronse cos intereses do alumnado
As actividades foron variadas e motivadoras
A temporalización foi adecuada
Empregáronse diferentes instrumentos de avaliación
Os criterios de cualificación foron axustados

Metodoloxía empregada
Planifica leccións, ensina e avalía
Emprega variedade de recursos
É ordenado nas explicacións
Explica con claridade
Resolve dúbidas
Revisa a realización das tarefas propostas
Sabe dirixir as clases
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
É innovador/a
Medidas de atención á diversidade
Ofrece oportunidades de recuperación
Valora o esforzo
Clima de traballo na aula
Crea ambiente de aprendizaxe
Motiva ao alumnado
Cumpriu co horario de clase
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Realizouse a avaliación inicial

### Descrición:

O profesorado debe someterse á avaliación do seu proceso de ensino e da práctica docente por medio de enquisas e rúbricas que conteñan unha escala de valoración que xira entorno a "sabe", "sabe ser", "sabe facer que" e "sabe como facer", é dicir, sobre coñecementos, motivación, metodoloxía, avaliación, puntualidade e xestión da aula. Este cuestionario será proporcionado ao alumnado ao final de cada avaliación ou ao remate do curso. Igual de importante é avaliar o proceso de ensino para o cal tamén se dispón dun cuestionario de autoavaliación con indicadores de logro do 1 ao 10. O cuestionario abordará diferentes cuestións da programación e o seu desenvolvemento e avaliación. O balance dos resultados vai permitir reconsiderar determinadas actuacións ao non considerarse un documento pechado permitindo que a súa revisión sexa practicamente continúa. No suposto de que o programado poda dar lugar a problemas ou dúbidas sobre a súa interpretación o departamento emitirá un dictamen no que se explicaría como debe de interpretarse correctamente o programado e fará, se o estima oportuno, as necesarias modificacións para retoralimentar novamente o proceso de ensino-aprendizaxe.

## **8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora**

O/A docente realizará de xeito continuo o seguimento da programación atendendo á súa temporalización, criterios establecidos de avaliación, contidos, metodoloxía....todo isto coa finalidade de ir axustando e incluso modificando aqueles aspectos didácticos que crea convenientes para que dita programación resulte máis real, aplicable e operativa. O seguimento da programación e da práctica docente realizarase a través da aplicación Proens e por avaliación trimestral recolléndose datos sobre a temporalización, os axustes dos criterios de avaliación, os instrumentos de avaliación, a ponderación dos mesmos, etc.. Todos estes datos xunto cos referidos a contidos, metodoloxía, avaliación, etc., serán valorados indicando as posibles razóns das dificultades do desenvolvemento da programación (polo clima da aula, recursos, diversidade de alumnado, etc.) e toda esta información recollerase nas actas do departamento. Para a avaliación do proceso de ensino, empregaranse os indicadores de logro recollidos na programación para ver se efectivamente se están cumprindo. Finalmente, nas memorias de final de curso aparecerán recollidas as propostas de mellora se fosen necesarias para poñer en práctica nos cursos sucesivos procurando ir axustándoa ao máximo á realidade e á temporalidade.

## **9. Outros apartados**